



- **NÚMERO DE HOMOLOGACIÓN:**
 - 930: 85º Campeonato Galego Absoluto. XVI Memorial Antonio Santorio.
 - 931: Campeonato Galego Benxamín de Tenis.
 - 929: 4º Proba Galicia Head Tour Alevín/Infantil/Cadete/Júnior
- **DATAS:**
 - Do 18 ao 27 de xullo de 2025.
 - Categorias cadete e júnior: Torneo de fin de semana.
- **SEDE:**
 - Club de Tenis Pontevedra:
 - Rúa Illa de San Simón nº5, 36163 Poio (Pontevedra)
 - Teléfono: 986 872 999.
- **COMITÉ ORGANIZADOR:**
 - Federación Galega de Tenis
 - Club de Tenis Pontevedra
 - Director de torneo: Tozé Pinto
- **XUÍZ ÁRBITRO:** Marco Casal (Absoluto) e Carlos Coira (Resto de categorías)
- **XUICES ÁRBITRO ADXUNTOS:** Marco Casal, Carlos Coira.
- **OUTROS XUÍCES ÁRBITROS ADXUNTOS:** Pendentes de designación.
- **CONTACTO:**
 - Email: torneos@fgtenis.net
 - Teléfono: Absoluto: 667 688 434 (whatsapp)
 - Xuvenil: 667 688 432 (whatsapp)
- **INSCRICIÓN:**
 - Na web: www.ibertenis.com ata o xoves 10 de xullo.
 - Prezo das inscricións:
 - Categoría Absoluta individual: 21€
 - Categoría Absoluta parellas: 21€ por parella
 - Categorias alevín, infantil, cadete e júnior: 15€.
 - Categoría Benxamín individual: 15€
 - Categoría Benxamín parellas: 15€ por parella
 - O pago da inscrición deberá realizarse a través da pasarela de pago da páxina www.ibertenis.com no momento de realizar a inscrición. Non se permitirán outros formatos de pago.
 - Sen o abono, a inscrición non será considerada válida e ese xogador ou xogadora non se incluírá no sorteo.



- **SORTEO:** Luns 14 de xullo as 17:00h. na Federación Galega de Tenis.
- **BOLA OFICIAL:** HEAD TOUR
- **SUPERFICIE:**
 - Categoría Absoluta e Benxamín: Green Set.
 - Categorias alevín, infantil, cadete e júnior: Terra batida.
 - *Nota: En función dos inscritos algunha das segundas ou terceiras divisións podería cambiar de superficie.
- **HORARIO PROGRAMACIÓN PARTIDOS:** De 10:00h a 21:30h.
- **PREMIOS:** Trofeos para os campións, campioas, subcampións e subcampioas das categorías:
 - Benxamín individual e parellas.
 - Alevín
 - Infantil
 - Cadete
 - Júnior
 - Absoluto individual e parellas.
- **PREMIOS EN METÁLICO:**
 - CATEGORÍA ABSOLUTA:

Categorías	Individual Feminino e Masculino	Parellas Femininas	Parellas Masculinas	Parellas Mixtas
Campión/a	600€	310€	310€	310€
Finalista	300€	155€	155€	155€
Semifinalistas	150€			
Cuartofinalistas	75€			
Octavofinalistas	38€			
Total Premios en Metálico	5003 €			

- Os cadros, horarios e resultados serán publicados en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com



- **CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO:**

- **Superficie:** Green Set.
- **Categorías:** individual masculino, individual feminino, parellas masculinas, parellas femininas e parellas mixtas.
- **Cadros Individuais:** fase final de 32 (20AD, 8Q 4 WC) e previa aberta.
 - Fase previa: 2 sets + supertiebreak.
 - Fase final: ao mellor de 3 tie-break sets.
- **Cadros parellas/mixtos:** fase final de 16 e previa aberta.
 - 2 sets + super-tiebreak (no ad).

- **CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN:**

- **Superficie:** Green Set.
- **Categorías:** individual masculino, individual feminino, parellas masculinas, parellas femininas e parellas mixtas.
- **Cadros Individuais:** fase final de 16 (10, 4Q 2 WC) e previa aberta.
 - Fase previa: 2 sets curtos + supertiebreak.
 - Fase final: 2 sets curtos + supertiebreak.
- **Cadros parellas/mixtos:** fase final de 16 e previa aberta.
 - 2 sets curtos + super-tiebreak (no ad).

- **4ª PROBA GALICIA HEAD TOUR:**

- **Superficie:**
 - **Primeiras divisións:** Terra batida.
 - **Segundas y terceiras divisións:** Terra batida. Poderase variar a superficie dalgunha división en función do número de inscritos.
- **Categorías:** Individual masculina e feminina.
- **Cadros:** Divisións seguindo o regulamento do Galicia Head Tour.
- **Sistema de puntuacións:** 2 sets + super-tiebreak.
- **Categorías Cadete e Júnior** torneo de fin de semana, resto de categorías torneo de semana.

NOTA: As categorías son compatibles a excepción da categoría benxamín e a alevín, xa que son campionatos con diferente número de homologación e que se disputan na mesma semana. Os xogadores benxamíns deben elixir xogar o campionato galego ou a categoría alevín.



NORMATIVA

1. A competición aplicará as **normas da R.F.E.T** e do **Circuíto Galicia Head Tour 2024**.
2. É indispensable ter a **licenza federativa** en vigor para poder participar neste torneo.
3. Para poder disputar os campionatos galegos absoluto e benxamín, os/as **xogadores/as que no pertenzan ao espazo Schengen** deberán acreditar licenza federativa e residencia en Galicia nun un período de 2 anos para menores de 14 anos e de 3 anos para xogadores/as de mais de 15 anos.
4. **Días e horarios de xogo:** A Federación Galega de Tennis poderá programar partidos de 10:00h a 21:30h.
5. **Dispoñibilidade do xogador/a:** Cando un xogador ou xogadora se inscribe ao torneo, comprométese a estar dispoñible en todas as datas e horarios do torneo.
6. É obriga do xogador revisar as **listas de aceptación** publicadas ao peche da inscrición, así como os horarios de xogo.. Estes horarios non serán oficiais ata as 19:00h. do día anterior polo que é imprescindible que os revisen a partir desa hora.
7. **Solicitudes horarias:** Todos/as os/as xogadores/as que teñan algún problema puntual de horarios deberán comunicalo no momento de facer a súa inscrición. Estas peticións deben ser por causas excepcionais e só serán atendidas se non afectan ao normal desenvolvemento da competición.
8. **Cambios de horarios:** A Federación non atenderá ningún cambio nin petición unha vez que os horarios sexan publicados salvo causas excepcionais. Estas solicitudes só se aceptarán se se cumpren 4 condicións:
 - 1º. Debe ser unha causa excepcional debidamente xustificada.
 - 2º. Debe haber dispoñibilidade de pistas.
 - 3º. O rival debe aceptar o cambio de horario.
 - 4º. Non debe afectar ao normal desenvolvemento do torneo.
9. O xuíz árbitro poderá **aplicar W.O.** a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
10. **Incomparecencia xustificada:** Para que unha non comparecencia (W.O.) poda considerarse como xustificada, debe enviarse xustificante médico. Nas categorías xuvenís, no seu defecto, poderase cubrir o formulario de xustificación de W.O. no seguinte enlace: <https://forms.gle/UKGsmwmCVfx9QSoQ9>
O xuíz árbitro será o que decida se a causa da xustificación é motivo suficiente para consideralo W.O. xustificado.
11. **Notificacións en caso de falta de incomparecencia:** Por cuestión de cortesía e respecto cara o rival, calquera xogador ou xogadora que non poda disputar un partido, deberá notificalo ao xuíz árbitro coa suficiente antelación para poder avisar ao seu rival e evitalle un desprazamento innecesario.

LXXXV Campionato Galego ABSOLUTO

12. **Número de cadros:** Os/as xogadores/as poderán inscribirse en ata un máximo de 3 cadros (máximo 2 cuadros individuais). As categorías cadete e júnior son compatibles co absoluto.
A única excepción a este punto é nas categorías benxamín e alevín, que por cuestións regulamentarias non son compatibles, polo que un xogador ou xogadora de categoría benxamín terá que elixir se participa na categoría benxamín ou na alevín (nunca nas dúas).
13. **Club de apoio zona norte:** No caso de que a organización o considere necesario, poderase designar un club sede de zona norte no que se xogarían os partidos de primeiras roldas de enfrontamentos entre xogadores residentes na zona norte (sempre e cando os dous xogadores estean de acordo). Será a FGTenis a que designe o club sede e estableza os horarios de xogo (se algún xogador non está de acordo co horario o partido debe xogarse no club principal e no horario oficial). Os partidos serán supervisados por un xuíz árbitro designado polo CGAT.
14. **Instalacións de xogo:** Tódolos partidos deben xogarse nos clubs organizadores (club oficial ou sede zona norte), excepto que o xuíz árbitro considere necesario desprazar algún partido a outro club para garantir o bo desenvolvemento do torneo. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
15. **Vestimenta:** Os xogadores deben vestir en pista de forma regulamentaria (non poden levar camisetas con logos de máis de 26cm² e poden levar escudo/logo do club cun máximo de 39cm²).
16. **Comportamento:** Os/as xogadores/as deberán axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán tolerados condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
17. **Infraccións ao código de conduta:** No Galicia Head Tour, no caso de que un xogador sexa apercibido con un Warning, terá unha sanción de 5 puntos Head nesa proba. Esta sanción será acumulativa por cada apercibimento que reciba.
18. **Pistas e sistema de xogo:** O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
19. Todas as cuestións non establecidas neste regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro, adxuntos ou xuíces adxuntos itinerantes ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.